

EXTRACTO DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 29/01/2024

(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

DIEGO GARCIA SANTIAGO
CARLOS COIRA LOJO
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
LINO MOURIÑO SANTIAGO
TANIA GARCÍA SANMARTÍN
SONIA OUTÓN CASAL

Lista de non asistentes

PAOLA MARIA MOCHALES

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

GUILLERMO BUCETA GAMALLO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 29/01/2024 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos/as concelleiros/as indicados/as, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 22 de xaneiro de 2024, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2024/0119

Visto o escrito presentado por CD Fincas Vilagarcia, S.L. e/n CP Rodrigo de Mendoza, 61, 63 e 65 Garajes, solicitando instalacións de pivotes para delimitar a zona correspondente a aparcamento da zona reservada para acceso e saída do garaxe. Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda, aprobar a colocación na parte inferior da saída dos vaos, á altura da liña que divide saída de estacionamento a colcoación de dúas fitos como os que hai na parte superior, e así poder diferenciar claramente ambas as zonas a de entrada/saída de vaos e a de estacionamento en liña.

PRP2024/0259

Dáse conta do escrito presentado por Dona Rosario Cordo Otero e outros veciños comunicando que cando chove de forma contunua estanse a producir episodios de inundacións de garaxes e incluso de vivendas. Inundacións que comezaron a ocorrer de xeito moi imporante a partir do momento en que se dotou do sistema de bombeo de vertidos de fecais para a depuradora do Concello. Tamén están comunidadas coas tuberías de fecais as augas de pluviais que baixan polos regatos de Galáns, sobre todo cando desbordan e circula pola rúa Parga hacia a urbanización. Polo que deben anularse as conexións de pluviais e fecais e adaptando as entradas de augas pluviais para que recollan o exceso de auga, que circula pola urbanización. A Xunta de Goberno Local indicará aos técnicos municipais a realización dunha inspección.

PRP2024/0260

Dáse conta do escrito presentado por Don Oscar Rey Muñiz solicitando creación dunha comisión negociadora para recuperación do entorno e muiños da Fonte da Coca. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar ao Sr. Rey Muñiz, que se retomarán as negociacións cos propietarios das fincas onde están situados os muiños, para levar a cabo a recuperación do entorno.

PRP2024/0263

Dáse conta da proposta da Concellería de Servizos e Medio Rural, para aprobar a contratación de servizos externos correspondentes con maquinaria pesada, para traballos de xestión de algas e fracción vexetal na parcela municipal do polígono do pousadoiro.

A Xunta de Goberno Local acorda:

1º Aprobar o gasto de 4.000,00€, con cargo á partida 1720-203, para a contratación de maquinaria no ano 2024, que garanta unha correcta xestión do tratamento das algas e fracción vexetal, así como a realización de análises de características agronómicas e metais pesados do composto producido.

2º Habilitar a formación e motivación das brigadas municipais no correcto uso do espazo, a xestión ecolóxica destes biorresiduos e correcta separación de impropios con unha primeira hora no mes de marzo e habilitando a posibilidade de mais sesións de reforzo no verán e vindeiros anos.

PRP2024/0202

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor para a realización das obras de reparación dos canlóns do CEIP A Escardia, á Empresa Cumbre Canalón, S.L., por un importe total de 4.934,38€ (IVE incluído), con cargo á partida 320-212, de conformidade coa oferta presentada.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/0215

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor para a realización das obras de reparación do cruce das rúas Santa Eulalia con San Roque, á Empresa Movimiento de Aridos y Construcciones de Arosa, S.L., por un importe total de 14.310,45€ (IVE incluído), con cargo á partida 1530-210, de conformidade coa oferta presentada.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/0216

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor para a realización das obras de reacondicionamento do paso de péons elevado, á Empresa Movimiento de Aridos y Construcciones de Arosa, S.L., por un importe total de 4.504,09€ (IVE incluído), con cargo á partida 1530-210, de conformidade coa oferta presentada.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/0217

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor para a realización das obras de reparación de 50 metros de tubaría rota na rede de saneamento na rúa Fondo da Vila Trabanca Sardiñeira, así como o posterior asfaltado da calzada afectada, á Galsur Proyectos y Obras, S.L.U., por un importe total de 17.776,65€ (IVE incluído), con cargo á partida 161-210, de conformidade coa oferta presentada.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/0264

Dáse conta do escrito presentado por D. Pedro Rey Fernández solicitando a colaboración municipal para a instalación de fibra óptica no seu domicilio en Pío XII nº16.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir a solicitude á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Infraestruturas Dixitais e á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia - AMTEGA, para que se teña en conta a citada petición en relación coa instalación da fibra óptica no lugar.

PRP2024/0319

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Gasocentro Caldas, S.L. para o subministro de gasóleo de calefacción para o Colexio de Educación Especial, por un importe total de 4.000,00€ (IVE incluído), con cargo á partida 320.22103. (4.000l. a 1,00€/l)

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2024/0213

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da certificación emitida pola Xefatura Territorial de Política Social de Vigo en relación co pagamento do SAF correspondente ao 4º trimestre do ano 2023.

Mes de outubro: 54.014,85 €

Mes de novembro: 57.946,58 €

Mes de decembro: 60.471,86 €

Regularizacións do/s período/s 01/04/2023-30/06/2023 01/02/2023-30/09/2023:- 4.616,32 €

Total nómina neta 4º trimestre: 167.816,97 €

Regularizacións outras incidencias:

- proxecto anual de SS (total a descontar:-6.358,88 €): -6.358,88 €

Total devengado: 161.458,09 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2024/0257

Vista a proposta dos Servizos de Informática e Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor para a Realización audiovisual (videoconferencia) por internet e produción para a emisión privada, así como o equipo técnico para a celebración do VII- CONGRESO INTERNACIONAL IN-XURGA- DERECHOS DE LAS PERSONAS CON DISCAPACIDAD/DEPENDENCIA, que se vai a realizar os días 21,22 e 23 de febreiro de 2024, á Empresa EMITIMOS SL (B42719187), por un importe total de 4.174,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 231.22610, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

EMPREGO

PRP2024/0220

Dáse conta de Resolución da Deputación Provincial de Pontevedra de aprobación á xustificación final achegada polo Concello de Vilagarcía de Arousa, relativa á axuda concedida no marco do Plan Concellos para a activación do emprego 2023, da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3) e recoñecemento a obriga e orde do pagamento, a favor do citado concello, en concepto de liquidación final polo importe pendente de aboamento, que ascende a CINCUENTA E SETE MIL CENTO OITENTA E NOVE EUROS CON SETENTA E UN CÉNTIMOS (57.189,71 €).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2024/0279

Vista a proposta da Directora do Programa de Emprego Labora Xove 2023, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Servicios Técnicos Integrados del Noroeste SL para o subministro de material necesario para o desenvolvemento da formación do alumnado/traballador do Programa de Emprego ((proxeutor, pantalla maual, regleta e cable), por un importe de 693,68 € (IVE incluído), con cargo á partida 2412.62300.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/0280

Vista a proposta da Directora do Programa de Emprego Forme 2023, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Dona Sonia María Castelo Míguez, para a impartición da actividade complementaria "creación de empresas", ás especialidades de albenelería e carpintería do Obradoiro, cunha duración de 20 horas, por un importe total de 640,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 2412.22799.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/0281

Vista a proposta da Concellería de Emprego e o informe da Orientadora Laboral, a Xunta de Goberno local acorda solicitar subvención, por importe máximo de 28.000 €, á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, ó abeiro da Orde do 22 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades orientación laboral no exercicio 2024 (código de procedemento TR331A).

PRP2024/0195

A Orde do 21 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras, das axudas e subvencións para os Obradoiros duais de emprego para o ano 2022, establece no seu artigo primeiro relativo ao obxecto da subvención o seguinte:

O devantido artigo 1, no seu parágrafo establece que valorarase no caso dos concellos, mancomunidades ou entidades públicas dependentes, que se promova a inserción laboral por conta allea das persoas participantes que rematen o Obradoiro co resultado de apto, durante un mínimo de tres meses a xornada completa en empresas do ámbito das materias impartidas e no ámbito territorial de Galicia. O Concello publicou una convocatoria de axudas á inserción laboral a través de incentivos á contratación.

Establécese no artigo 35 da citada Orde que no caso de que a entidade promotora, neste caso o Concello de Vilagarcía, achegue compromisos de contratación en empresas aque cumpran os requisitos do capítulo IV desta Ord, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade subvencionará un importe fixo de 1.500€ por cada persoa traballadora, correspondente ao contrato mínimo de 3 meses a xornada completa.

Rematado o prazo de presentación e xustificación por parte das empresas solicitantes desta axuda, procédese a solicitar a tranferencia da subvención á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade dos incentivos á contratación concedidos polo Concello de Vilagarcía as seguintes empresas:

- ABAMOR SL
- JORGE ABALO CORES
- VICTOR ROMERO GORIS

Solicitouse na data de 17 de xaneiro de 2024, coa presentación da documentación xustificativa pertinente, sexa tranferida a cantidade total de 4.500€, en concepto de incentivos á contratación. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2024/0282

Dáse conta de publicación no DOG de 19 de xaneiro de 2024, da Orde da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas a entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas públicas e/ou axencias de lectura, integradas na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, para adquisición de novidades editoriais en galego e para a mellora das coleccións, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024.

A Xunta de Goberno Local acorda participar na convocatoria, e en consecuencia, solicitar subvención para dous programas:

Programa A: Subvencións para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico.

Programa B: Subvencións para a mellora de coleccións bibliográficas.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2024/0206

Vista a proposta da Concellería da Área de Igualdade, en relación á solicitude de subvención á Secretaría Xeral de Igualdade para o programa de apoio aos centros de información ás mulleres - CIM, ao abeiro da resolución de data 29 de novembro de 2023, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Solicitar subvención para o Programa de apoio ao CIM por un importe total de 163.192,43 €, coa seguinte desagregación:

- Programa de apoio aos postos de dirección, apoio psicológico e asesoramento xurídico por importe total de 103562,46€ para o período 01/04/2024-31/03/2025.
- Programa de apoio ao posto de axente de Igualdade por importe total de 59629,97€ para o período 01/04/2024-31/03/2025

2.- A designación de Dona Julia Barbosa Sánchez que ocupa o posto de Directora do CIM para as tarefas de coordinación e comunicación coa SXI.

3. Financiamento con cargo aos orzamentos desta entidade do custo das accións obxecto da axuda que non resulte financiado pola SXI.

4. Acreditar que a entidade posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.

5. Que se aceptan expresamente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na convocatoria.

PRP2024/0207

Vista a proposta da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude de subvención á Secretaría Xeral da Igualdade, de axudas para o fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero, inscritas no servizo público de emprego como demandamente, ou como mellora de emprego, (procedemento SI461A) para a contratación de 4 mulleres en situación de violencia de xénero, polo período de 12 meses, coa categoría profesional correspondente ao Grupo V e con destino nos servizos de Conserxería e Xardíns, preferentemente, polas seguintes contías:

- Subvención solicitada: 88.521,12€

- Aportación Municipal: 1.814,40 €.

Existe crédito orzamentario para financiar a parte non subvencionada, con cargo á partida 2312.1200001.

PRP2024/0277

Dentro dos obxectivos da Área de Persoas Maiores figura a mellora do envellecemento activo da poboación, obxectivo que se ven cumprindo ao longo dos últimos anos coa organización, entre outras actividades, de obradoiros de estimulación cognitiva cunha grande demanda que vai incrementándose ano tras ano.

Vista a proposta da Área de Persoas Maiores, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar a realización do programa ACTIVATE, consistente en tres obradoiros enfocados ao envellecemento activo das persoas maiores. Dito programa estaría cofinanciado pola Deputación de Pontevedra por medio do PLAN DE CONCELLOS 2024.

Tratase de 3 grupos de 20 persoas por grupo (60 prazas en total) e de 2 horas de duración cada sesión. As clases impartiríanse no Auditorio Municipal previsiblemente os xoves, a espera de confirmación da reserva exacta do día. A duración do servizo distribuiríase ao longo do ano en dúas fases: a primeira entre os meses de febreiro a xuño, e a segunda entre os meses de setembro a decembro do 2024.

Adxudicar á Entidade AFAGA ALZHEIMER, Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer y otras demencias de Galicia ,Avda. Martínez Garrido, 21 Interior - 36205 Vigo, CIF G36776920 o contrato menor para a realización dos obradoiros, por un importe total de 12.654,00 € (IVE exento), con cargo á partida 2313.22610.

CULTURA

PRP2024/0228

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases da LIX Edición do Concurso Internacional da Camelia que terá lugar os días 2 e 3 de marzo de 2024 na Praza da Peixería e do Concurso de Escaparates 2024,.

Acórdase así mesmo aprobar o orzamento para os premios do Concurso de Escaparates, con cargo á partida 334.48100:

1º Premio: 500 €

2º Premio: 295 €

3º Premio: 200 €

PRP2024/0232

O día 16 de xaneiro de 2024 representouse no Salón de Actos do Auditorio o espectáculo musical infantil LA BELLA Y LA BESTIA, pola Empresa TRANSEDUCA ACCIO EDUCATIVA SL. Este espectáculo tivo un prezo de entrada único de 6,70 €, sendo a recadación obtida para o solicitante.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as taxas correspondentes ó uso da citada instalación municipal:

- Salón de Actos do Auditorio: 1 día, 264,70 €

- Responsable de sala: 61,20 €

- Operarios (2): 122,40 €

- TOTAL: 448,30 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2024/0233

Vista a solicitude de D. Alvaro Jesús Pérez Becerra, en representación de AINE PRODUCCIÓN SL, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 23 de marzo de 2023, durante todo o día, para a celebración do espectáculo "AQUI TOU", monólogo de Xosé Touriñán, (de 19:00 a 21:30 horas), debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

A venda de entradas será a través da canle Ataquilla.com, cun prezo de entrada de: Zona A: 18 €; Zona B: 15 €; Zona C: 12 € máis gastos de xestión, e a recadación será para a entidade solicitante.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala Principal do Auditorio: 1 día, 264,70 €
- Responsable de sala: 107,10 €
- Operarios (2): 214,20 €
- Persoal de taquilla (2): 173,40 €
- TOTAL: 759,40 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2024/0235

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento para a celebración do Entroido 2024, coa celebración de distintos actos, por importe total de 16.067,21 €, coa seguinte desagregación:

NOME FISCAL	C.I.F.	CONCEPTO	IMPORTE	PARTIDA
FESTIVAL DE COMPARSAS 811-02-2024)		Por participación con un máximo de 10 comparsas	3.000,00€	334.48100
PREMIOS DESFILE DE MARTES DE ENTROIDO (13-02-2024)		Premios segundo bases de participación	6.300,00 €	334.48100
ACCESIT CHOQUEIROS			500,00€	334.48100
CARLOS CRESPO GÓMEZ	15373039-T	Actuación Duendeneta o día 21 de febreiro na entrega de premios de desfile de martes de entroido	786,50 €	334-22609
ADEMAR SILVOSO ABAL	76867504D	Presentación Festival de Comparsas no Salón de Actos de Auditorio	330,00€ Irf: - 45 € Líquido a percibir: 285,00€	334-22609
WILSON DELMONTE PÉREZ	45952172N	Actuación o día 17 de febreiro en Carril para Baile de Piñata (WILL DISCOMOVIL)	810,70€	334-22609
ASOCIACIÓN CULTURAL MALVEIRAS (gaitas)	G-36136679	Actuación do Grupo de Gaitas Malveiras o día 18 de febreiro no Enterro da Sardiña en Carril	391,00€	334-22609
YOAN GONZALEZ CHEMENDEZ (MESÓN EIRAS)	X822444R	Servizo catering para Festival de Comparsas en Vilaxoán o día 23 de febreiro	462,00 €	334.22609
Mª TERESA BARRAL CRESPO	36467384G	Obradoiro de 9 h. confección da sardiña	346,01 €	334.22609
ASOCIACIÓN CULTURAL NÓS DE SOBRADELO	G36043933	Actuación do Grupo de Gaitas NOS de Sobradelo en Vilaxoán polo Enterro da Sardiña o 24 de febreiro	391,00 €	334.22609
Gasto imprevisto de xardíns, obras... (estimativo)			250,00€*	334-22609
Comunicación estimativo)			2.500,00€*	926-22602
		TOTAL (estimativo)	16.067,21 €	

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/0237

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para a realización dunha exposición exterior, nos Xardíns de Ravella, do 12 ao 26 de febreiro de 2024, para conmemorar "O Día de Rosalía", de conformidade co orzamento presentado pola Fundación Rosalía de Castro, por un importe de 3.025,00 €, con cargo á partida 334.22637.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CONTRATACIÓN

PRP2024/0208

1. Por acordo da Xunta de Goberno Local de 18 de xullo de 2022 aprobouse o proxecto denominado "Reforma de instalacións e pavimentos e rehabilitación de elementos construtivos no cemiterio de Rubiáns", redactado polo arquitecto don Mariano Vázquez Iglesias, por importe (IVE engadido) de 238.384,84 €.

2. A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, con data 29 de xullo de 2022, Concedeu unha subvención ao concello de Vilagarcía de Arousa, no marco do Plan de Concellos 2022-2023, con destino ao financiamento de proxecto arriba referido.

3.- Con data 24 de febreiro de 2023, a Deputación Provincial acorda, conceder, con cargo á anualidade 2023 do Plan Concellos 2022-2023, unha subvención por importe de 27.815,16€ para o investimento de referencia, polo que a financiación provincial pasa a ser do 100% do investimento do proxecto.

4. A Xunta de Goberno Local, en sesión do 23 de maio de 2023, acordou a adxudicación do contrato de obra denominado "Reforma en instalacións e pavimentos e rehabilitación de elementos construtivos do cemiterio de Rubiáns" á mercantil MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., por importe de 206.800,00 € (sen IVE), ao que corresponde un IVE (21%) de 43.428,00 € o que totaliza un importe de 250.228,00 € (IVE engadido).

5.- A Xunta de Goberno Local acordou, con data 11 de decembro de 2023, a ampliación do prazo de execución do contrato, ata o 27 de marzo de 2024.

6.- A sinatura da acta de comprobación de replanteo tivo lugar o 27 de xullo de 2023.

7.- O concello de Vilagarcía de Arousa, por acordo da Xunta de Goberno Local do 3 de xullo de 2023, nomeou director de obra ao arquitecto municipal don Xoán Xosé Rodríguez Cuiña.

8.- Polo director de obra solicítase, con data 18 de xaneiro de 2024, redacción de proxecto modificado.

En base aos anteriores antecedentes emítase o correspondente informe xurídico.

O arquitecto municipal, xustifica a necesidade de redacción do proxecto modificado motivándoo nas necesidades seguintes:

"A necesidade de incluír un sistema de para resolver o desaugue das augas pluviais que non estaba previsto no proxecto e a mellora do sistema de alumeado que o proxecto contemplaba pero, a xuízo do director de obra, faino de modo escaso que non da axeitada resposta ás necesidades de equipamento no que se esa a actuar. Finalmente preténdese tamén corrixir erros detectados nos prezos descompostos de algunhas unidades de obra que non concordan co importe total do proxecto licitado.

A realización do proxecto modificado non vai supor incremento do orzamento previsto, xa que as unidades que se van incrementar serán compensadas por outras unidades que se van executar."

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda auorizar ao Director de obra para a redacción de proxecto modificado da "Reforma de instalacións e pavimentos e rehabilitación de elementos construtivos no cemiterio de Rubiáns", dándolle audiencia ao contratista por prazo mínimo de tres días.

Unha vez realizado ditos trámites será sometido o proxecto modificado á consideración da Xunta de Goberno Local, acompañado do informe xurídico ao que fai referencia a disposición adicional terceira, punto 8 da LCSP.

PRP2024/0230

Vista a proposta da Concellería de urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa ANTEA IBEROLATAM SLU (B15080849) por un importe de 900,00 € (IVE excluído, e de 1.089,00 € (IVE incluído) o contrato menor de servizos denominado "Servizo de realización de aforos de conteo de vehículos na Avda. Xoan Carlos I do Concello de Vilagarcía de Arousa", con cargo á partida 134.22706, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2024/0258

Visto o expediente de gasto INT/2023/16 integrado pola relación de xustificantes F/2024/1 por importe de 2.614,81€.

Vista a fiscalización previa favorable da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda o Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2024/1 por importe de 2.614,81€ coa seguinte desagregación:

Nº de Entrada	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Programa	Economica	Nome	Texto Explicativo
F/2024/471	2024/02	02/01/2024	1.573,00	150	22706	ALVAREZ GONZALEZ, OSCAR	HONORARIOS DO MES DE DECEMBRO POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS ASISTENCIA TÉCNICA DE ENXEÑERÍA
F/2024/472	14/23	31/12/2023	1.041,81	2312	22604	PEREZ PADRON, Mª PURIFICACION	HONORARIOS DOS SERVIZOS PRESTADOS POLA LETRADA NA ÁREA DE IGUALDADE DO CONCELLO NO MES DE DECEMBRO DE 2023.
		TOTAL	2.614,81				

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.